

ROSALÍA

AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA!
AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA!
(Bis)

Ela, foi ela, exemplo de coraxe,
sinal de identidade para todos nós
que pasamos pola terra.
Debemos coñecer o que deixou
do seu puño e letra:
escritos, historias, poesías, poemas...
de soños, de loitas, de amores e de penas.
Nunca baixou os brazos, por iso é referencia:
da lingua, da forza, do amor por esta Terra.
OHHH...seu corazón late nos nosos corazóns...



AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA!
AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA! (Bis)

Ríos, fontes...nas praias, nos campos, nas rúas, nos montes...
Eu cantar cantar cantarei, eses vellos cantares,
os que cruzan os mares.
E iso que daquela, contoume unha señora,
que elas non podían expresarse como agora.
E se chega o outono, e se caen as follas,
ela é primavera que trae as follas novas!!!
OHHH...seu corazón late nos nosos corazóns...

AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA!
AI ROSALÍA, ROSALÍA, ROSALÍA! (Bis)